




Antón Riveiro Coello

'Unha cousa é ser famoso e outra ter prestíxio como escritor'

➔ CARME VIDAL

UN EDITOR CONTRATA UNHA NOVELA A DOUS ESCRITORES COÑECIDOS QUE PARTICIPAN DO PROXECTO SEN SABER UN DO OUTRO. O XOGO LITERARIO É A TRAMA DE *A QUINTA DE SALER* (GALAXIA), A ÚLTIMA NOVELA DE ANTÓN RIVEIRO COELLO. O ESCRITOR DE XINZO PON EN CUESTIÓN O PESO DA AUTORIA EN DETRIMENTO DA OBRA E LITERATURIZA O PRÓPRIO PROCESO DE CRIACIÓN NARRATIVA. RIVEIRO DEULLE VOLTAS Á POSIBILIDADE DE PUBLICAR A NOVELA SEN SINATURA PERO, A FIN, SAÍU Á LUZ CO SEU NOME. RIVEIRO COELLO TEN NO SEU HABER GRANDE CANTIDADE DE PRÉMIOS E OBRAS COMO *A HISTORIA DE CHICHO ANTELA* OU *PARQUE CENTRAL* (ESPIRAL MAIOR).

Ten xa varios libros publicados e unha mancha de premios e mesmo así non é moi coñecido.

Concibo a literatura como un exercicio de vocación solitaria. Hai dous tipos de escritores, o que busca o autoexilio voluntario para escribir e o carismático, múltiple, que todo o mundo quere imitar. Eu estou máis no grupo dos que teñen á literatura como unha forma de existencia. Coñezo casos de escritores que pasean os seus libros en actos de sociedade para que os coñezan e pagan por saír na prensa. Non é o meu caso, busco a felicidade na literatura, a fama é unha cuestión fuxidia e incluso quita liberdade. O prestíxio é outra cousa, é cuestión de tempo e paciencia.

Que o autor sexa coñecido garante a venda dun libro. Na

Galiza asistimos nestes meses por vez primeira a fortes lanzamentos editoriais de obras que crean expectativa polo recoñecemento dos seus autores.

Literariamente a narrativa goza de boa saúde pero sufrimos a falta de lectores. Non nos pode amargar ter catrocentos ou cincocentos lectores porque a cifra, en termos relativos, non é má. Todos temos algunha vez tentación de escribir para ser máis lidos, en todo caso, coído que a calidade literaria non ten por que ir rifada coa amenidade. O dicionario di que ameno é aquilo satisfactorio e a min ler boa literatura prodúcese deleite e quero pensar que tamén aos meus lectores.

En *A quinta de Saler* a estrutura ten moito peso, semella ter sido artellada con grande precisión.

A diferenza doutras que escribin ten un esqueleto visíbel, estudado. Son dúas novelas dentro dunha e mesmo poden ser máis. Pero non se fixeron as pezas por separado, a estrutura estaba debuxada de antes. É unha novela áxil, cinematográfica, está practicamente guionizada. Recolle moitas técnicas narrativas e pode ser bon material para estudar o proceso de creación.

Pon en cuestión precisamente o peso da autoria: dous escritores partillan na creación dunha novela anónima.

Cando concebin a arquitectura da novela sabía que era unha aposta complicada. Mesmo pensei facela con outra persoa e, no comezo, fago distingo entre a obra dos dous escritores. Quería que saíse á rua sen no-

me de autor. Sei que sería un éxito de vendas porque se especularía arredor dela e falaríase da novela en si. O ser finalista en varios premios impediu esa posibilidade.

Un dos escritores protagonistas enfróntase a un reto literario ao intuír que o seu contrincante pode ser Ferrin.

Quería que se reparase nesa forza que o autor ten no mundo literario. É imposible encontrar unha crítica ma dun escritor con prestíxio. Tamén ás veces pedimos demasiado dos escritores, hai quen escribe grandes obras pero non todas teñen por que ser boas. As miñas anteriores obras apenas mereceron críticas nos medios cando outras teñen xa garantidos artigos por parte dos seus amigos. Os bestsellers son

necesarios para a normalización da literatura, pero tamén se está a publicar moita trapallada de autores que saen nos medios de comunicación e que se venden ben. Podemos chegar á conclusión absurda de que as películas de Rambo son mellores que as de Fellini. Un escritor doméstico como o que quero ser eu non é atractivo. Sempre gostei desa postura marxinal do escritor, que non quere dicir marxinado. Andar en sociedade quita moito tempo para escribir.

Escrebe para ser feliz pero as súas obras buscan tamén o engado dos lectores, cun punto mesmo de suspense.

Sei que o comezo dunha obra ten que enganchar, criar expectativas nos lectores. Tamén é necesario traballar o texto, ás veces paso horas pensando antes de escribir. Na literatura pode haber unha parte de talento pero é fundamental o esforzo. Quero que o lector disfrute cunha frase, cunha páxina, e iso require unha grande exigencia estética. Hoxe hai moitos autores que non leron a Otero Pedrayo que é onde está a historia da nosa palabra. Traducir a miña novela ao castelán supón esforzo, outras parecen xa pensadas para ser traducidas.

É preciso para escribir unha novela, ademais do esforzo lingüístico do que fala, un traballo de documentación?

É fundamental. Para *A historia de Chicho Antela* pasei dous anos preparando a historia de Cuba, quen a coñeza darase conta por pequenos detalles que hai moita información. Os meus avós falaban nas noites de laleria dunha especie de Andorra que lle tocara vivir aos devanceiros e comecei a investigar e produto diso é *A Quinta de Saler*. Recoillo tamén moito léxico da Límia, palabras que escoito aos vellos e anoto. É parte do traballo que temos que facer os escritores, coidar a lingua que é a nosa arma.

É dos escritores máis premiados, coida necesario para un autor presentarse aos concursos?

Utiliceino como xeito de asomar a cabeza sen petar nas portas das editoriais pero tiven a ma sorte de quedar finalista en varios premios de novela. Cando gañei o *Manuel Murguía* estaba Fernán Vello no tribunal e abríume a súa editorial. Agora fago selección dos premios aos que me apreseto pero hai nove anos ia a case todos porque precisaba cartos, estaba en Madrid e tiña fora a familia. En seis ou sete anos escribin uns cincuenta ou sesenta relatos e aprendin cal era a estrutura necesaria do texto para recibir o premio, por iso gañei tantos. Agora as cousas mudaron e só concurso cando me pode servir para algo. Teño un grande anecdótico, premios onde cean políticos pero non convidan aos galardoados, outros nos que lles extraña que asistas... Coñecín a un escritor castelán de case setenta anos que tiña gañado 950 premios e non era coñecido. Adicáronlle unha rua na súa vila natal pero nada máis. ♦